

## **NOTA DE PRENSA**

**Acordouse manter reunións cada dous meses para facer un seguimento das obras**

**A comisión de seguimento do peirao de Cabo de Cruz está satisfeita polo compromiso de Portos**

**Boiro, 24 de setembro de 2009.** Logo da xuntanza mantida onte en Boiro polo Presidente de Portos de Galicia, D. Manuel Álvarez-Campana Gallo, e técnicos deste ente público coa comisión de seguimento das obras do peirao de Cabo de Cruz, queremos manifestar o seguinte:

- Esta comisión fai unha valoración positiva desta xuntanza, na que o Presidente de Portos pediu desculpas polas modificacións que, por cuestións técnicas, se foron introducindo no proxecto do peirao de Cabo de Cruz sen que se informarse oportunamente ao Concello nin aos colectivos mariñeiros e sociais da parroquia.
- A comisión está satisfeita de que Portos de Galicia asumise as peticións prantexadas, que atinxen ás dotacións da dársena, aos pantaláns, á mellora da bocana e ao aumento de puntos de atraque para embarcacións da 3ª, 4ª e 7ª lista.
- Outra das demandas postas sobre a mesa foron as melloras de urbanización do entorno e dos accesos ao peirao, que, en conxunto, elevan o orzamento a 23,1 millóns de euros, unha cifra considerablemente máis alta da que estaba proxectada.

- Sinalar tamén que a comisión e o Presidente de Portos de Galicia acordaron manter reunións periodicamente, cada dous meses, a fin de analizar a marcha das obras e ata o remate das mesmas, se ben ditas xuntanzas poden ser convocadas igualmente no caso de existir algunha incidencia.
- Por último, o Concello de Boiro quere agradecer o traballo das persoas que integran a comisión de seguimento do porto de Cabo de Cruz, pois o bo resultado do mesmo é evidente.

**Sáudos. Gabinete de Prensa do Concello de Boiro**